



do Issga

ATENDE

Agro



Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Prevenção de riscos no uso de FERTILIZANTES

Que son os fertilizantes?	1
A etiqueta I	2
A etiqueta II	3
A ficha de datos de seguridade (FDS)	4
Traballando con fertilizantes I	5
Traballando con fertilizantes II.....	6
Traballando con fertilizantes III	7
Almacenamento de fertilizantes	8
Seguridade nos almacenamentos I	9
Seguridade nos almacenamentos II	10
Equipos de protección individual I.....	11
Equipos de protección individual II	12
Lexislación	13

Autoría: Ana María Vázquez Rodríguez, técnica superior en Prevención de Riscos Laborais

Coordinación: técnicos do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
Raquel Blanco Silva
José Rega Piñeiro
Lucía Ferrón Vidán

Edición: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (outubro 2013)

Deseño e maquetación: Juli Molaes

D.L.: C 2203-2013

Que son os fertilizantes?

Son produtos formados por unha ou varias substancias químicas cuxa función principal é proporcionar nutrientes ás plantas

PODEN LEVAR:

Nutrientes principais

➔ NITRÓXENO / FÓSFORO / POTASIO

Nutrientes secundarios

➔ CALCIO / MAGNESIO / SODIO / XOFRE

Micronutrientes

➔ BORO / COBALTO / COBRE / FERRO
MANGANESO / MOLIBDENO / ZINC

Substancias complexantes / quelantes

➔ EDTA / DTPA / EDDHA / Etc.

Outras substancias

➔ METAIS PESADOS / MATERIA ORGÁNICA / Etc.



REXISTRO DE FERTILIZANTES

Os fertilizantes orgánicos, fertilizantes orgánico-minerais e emendas orgánicas teñen que estar inscritos no Rexistro de fertilizantes para seren comercializados

Consultas: www.magrama.gob.es/app/consultafertilizante/consultafertilizante.aspx

INFORMACIÓN QUE PROPORCIONA O REXISTRO

- 1 Datos xerais do fertilizante
- 2 Materias primas utilizadas na fabricación
- 3 Forma de presentación e modo de emprego
- 4 Contido en nutrientes
- 5 Outras características
- 6 Metais pesados
- 7 Presenza de microorganismos



BUSCA
sempre o número
de rexistro na
etiqueta

Falamos de fertilizantes inorgánicos se levan impreso "ABONO CE" no envase,
na etiqueta ou na documentación que os acompaña

A etiqueta I

Alguns fertilizantes son produtos químicos perigosos. A etiqueta deberá informar sobre a perigosidade do produto, os riscos que supón a súa manipulación ou uso e as medidas de seguridade que hai que adoptar. Ata o 2015 esta información pode aparecer de dúas formas:

ETIQUETA ANTIGA

	CLASE DE PERIGO (Rd 363/1995)	PICTOGRAMA (Rd 363/1995)		CLASE DE PERIGO (Rd 363/1995)	PICTOGRAMA (Rd 363/1995)
PERIGOS FÍSICOS	Explosivo (E)		PERIGOS PARA A SAÚDE	Corrosivo (C)	
	Extremadamente inflamable (F ⁺) Facilmente inflamable (F)			Moi tóxico (T ⁺) Tóxico (T)	
	Inflamable			Irritante (Xi) Nocivo (Xn)	
	Comburente (O)		PERIGOS PARA O MEDIO	Perigoso para o medio	

ETIQUETA NOVA

	CLASE DE PERIGO (CLP)	PICTOGRAMA (CLP)		CLASE DE PERIGO (CLP)	PICTOGRAMA (CLP)
PERIGOS FÍSICOS	Explosivo		PERIGOS PARA A SAÚDE	Toxicidade aguda	
	Inflamable			Corrosión cutánea / lesión ocular grave	
	Comburente			Efecto irritante / danoso / sensibilizante / perigoso para a capa de ozono	
	Gas a presión			Efecto tóxico non agudo	
	Corrosivos para metais		PERIGOS PARA O MEDIO	Perigoso para o medio acuático	

A partir do 1 de xuño do 2015 a etiqueta antiga desaparece
Unicamente os produtos xa comercializados poderán levala ata o 2017

A etiqueta II

Virá polo menos en castelán. Os fertilizantes comercializados a granel deben ir acompañados do documento informativo que estará a disposición das autoridades de control

MODELO DE ETIQUETA ANTIGA



MODELO DE ETIQUETA NOVA



4

A ficha de datos de seguridade (FDS)

O proveedor do fertilizante, cando este sexa perigoso, facilitará de balde a FDS aos usuarios profesionais coa primeira entrega do produto. Poderá vir en papel ou formato electrónico e sempre en castelán

Ficha de Datos de Seguridad
De acordo con el Reglamento (UE) N° 453/2010 de la Comisión

Fecha de edición: 16/05/2011
Edición: 1
Fecha de revisión: 11/10/2011
Revisión: 2

Nitrato amónico sólido >80% y <97% (grado fertilizante)

1. Identificación de la sustancia/mixtura y de la sociedad/empresa

1.1 Identificación del producto

Nombre comercial del producto: Abono a base de nitrato amónico con más del 80%.
Nombre químico: Mezcla, principal ingrediente Nitrato amónico

2. Identificación de los peligros

2.1 Clasificación*

De acuerdo con la Directiva 1999/45/CEE
XL R36
De acuerdo con el Reglamento CE 1272/2008 [CLP]
Sólido Combustible, Cat3, H272
Irritación Ocular, Cat2, H319

2.2 Elementos de la etiqueta

Pictogramas:

Palabras de advertencia: Atención

Indicaciones de peligro: H272, H319

Consejos de Prudencia: P210, P220, P230, P231+P331, P303+P361+P531, P307+P378

3. Composición/información sobre los componentes

Nombre	% (p/p)	N° CAS	IUPAC	N° Índice R, 1272/2008	N° Registro REACH	Clasificación D. 675/68/CEE	Clasificación Rgt. 1272/2008	Límites de concentración específicos
Nitrato amónico	≥ 80%	6484-52-2	ammonium nitrate	—	01-211949081-27-0028	XL R36	Oxid. Solid 3 Eye Irrit. 2	
Dolorita	≤ 20%	16389-88-1			No requiere		No clasifica	
Piedra caliza		1317-65-3			No requiere		No clasifica	

4. Primeros auxilios

4.1 Descripción de los primeros auxilios

General: Buscar atención médica cuando sea necesario. La inhalación de los gases procedentes de un fuego ó descomposición térmica, que y efectos nocivos en el sistema respiratorio. Administrar oxígeno, especialmente a Retirar a la persona del foco de exposición al polvo. Obtener atención médica si se producen efectos nocivos.

Inhalación: No provocar el vómito. Enjuagar la boca y dar de beber agua o leche. Obtener atención médica si se ha ingerido más que una pequeña cantidad.

Ingestión: Lavar la zona afectada con agua.

Contacto con la piel: Lavar o irrigar los ojos con agua en abundancia durante al menos 15 minutos, incluso detrás de los párpados.

Contacto con los ojos: Extirpar las lentes si las lleva y es fácil hacerlo. Obtener atención médica si persiste la irritación ocular.

5. Medidas de lucha contra incendios

5.1 Medios de extinción

Medios de extinción adecuados: Agua.

Medios de extinción que no deben usarse: No utilice extintores químicos o de espuma ni intente sofocar el fuego con arena o vapor.

6. Medidas en caso de vertido accidental

6.1 Precauciones personales, equipos de protección y procedimientos de emergencia

Evite caminar a través de producto derramado y la exposición al polvo.

6.2 Precauciones relativas al medio ambiente

Tenga cuidado de evitar la contaminación de los cursos de agua y los desagües e informe a las autoridades competentes en caso de contaminación accidental de los cursos de agua.

6.3 Métodos y material de contención y de limpieza

Cualquier derrame de fertilizante debe ser limpiado rápidamente, barrido y colocado en un recipiente limpio de boca abierta etiquetado para la eliminación segura evitando la formación de polvo. No mezclar con tierra ni con otros combustibles o materia orgánica. Diluir cualquier fertilizante contaminado o grano fino con materiales inertes tales como la piedra caliza / dolomita, fosfato mineral, yeso, arena o disolver en agua.

7. Condiciones de almacenamiento seguro, incluidas posibles incompatibilidades

Almacenar cumpliendo con las regulaciones de la TCM-AP08. Guardar lejos de fuentes de calor y de fuego. Mantener siempre lejos de materiales combustibles y sustancias mencionadas en la sección 10. En el campo, asegúrese que el fertilizante no se almacene cerca del heno, paja, grano, ganado, etc. Cuando se almacene a granel en la mezcla con otros fertilizantes incompatibles. En el área de almacenamiento, asegúrese de que se cumplen normas estrictas de orden y limpieza. No permitir fumar ni el uso de lámparas portátiles o encendidos en el área de almacenamiento. Retirar el fertilizante de las pilas o montones (de acuerdo con las regulaciones locales) y dejar un espacio libre de 1 metro como mínimo alrededor de las pilas de sacos o montones. Cualquier edificio usado para el almacenamiento deberá estar seco y bien ventilado. Cuando la naturaleza del producto envasado y las condiciones climáticas lo requieren, se almacenará de forma que se evite la destrucción del producto por los ciclos térmicos (variaciones extremas de temperatura).

R 36: Irrita los ojos.
H272: Puede agravar un incendio; combustible.
H319: Provoca irritación ocular grave.
P102: Mantener fuera del alcance de los niños.
P210: Mantener alejado de fuentes de calor, chispas, llama abierta o superficies calientes. No fumar.
P220: Mantener o almacenar alejado de la ropa paja, aceites... y materiales combustibles.
P254: Lavar las manos cuidadosamente tras la manipulación.
P280: Llevar guantes de protección.
P303+P361+P531: EN CASO DE CONTACTO CON LOS OJOS: Aclarar cuidadosamente con agua durante varios minutos. Quitar las lentes de contacto, si lleva y resulta fácil. Seguir aclarando.
P307+P378: Si persiste la irritación ocular: consultar a un médico.
P370+P378: En caso de incendio: Utilizar agua para apagarlo.

8.2 Controles de la exposición

Medidas de ingeniería y controles higiénicos: Evitar altas concentraciones de polvo y proporcionar ventilación donde sea necesario. Durante la manipulación no comer, no beber o fumar. Lavarse las manos después de manipular el producto y antes de comer, beber o fumar. Utilice el lavado al finalizar la jornada laboral.

Protección individual

Ojos: Gafas de seguridad con protectores laterales (EN 166) para prevenir irritación de los ojos. Si hay polvo usar gafas panorámicas (monogafas).

Piel y cuerpo: Ropa de trabajo.

Manos: Usar guantes adecuados (por ejemplo, de goma o de cuero) al manipular el producto durante largos periodos de tiempo.

Respiratorio: Si la concentración de polvo es alta y/o la ventilación es insuficiente, usar mascarilla anti-polvo o respirador con filtro adecuado.

Térmicos:

A FDS debe conter 16 apartados e a súa información estará actualizada

- | Apartado | |
|----------|--|
| 1 | Identificación do preparado e do responsable da comercialización |
| 2 | Identificación dos perigos |
| 3 | Composición e información sobre os compoñentes |
| 4 | Primeiros auxilios |
| 5 | Medidas de loita contra incendios |
| 6 | Medidas que deben tomarse en caso de vertedura accidental |
| 7 | Manipulación e almacenamento |
| 8 | Controis de exposición e de protección individual |
| 9 | Propiedades físicas e químicas |
| 10 | Estabilidade e reactividade |
| 11 | Informacións toxicolóxicas |
| 12 | Informacións ecolóxicas |
| 13 | Consideracións sobre a eliminación |
| 14 | Informacións relativas ao transporte |
| 15 | Informacións regulamentarias |
| 16 | Outras informacións |

IDENTIFICA os perigos asociados ao fertilizante

AVERIGUA como actuar no caso de ter algún accidente co produto

MANIPULA, almacena e xestiona os residuos seguindo as instrucións do fabricante

INFÓRMATE sobre como debes protexerte

Se non sabes o SIGNIFICADO das FRASES R (H) ou S (P) búscas na FDS

Traballando con fertilizantes I

Leva consigo riscos específicos propios da exposición a axentes químicos e/ou biolóxicos

	Material / produto fertilizante	Substancias químicas / material biolóxico	Perigos	RISCOS	Probabilidade de ocorrência
FERTILIZANTE DE SÍNTESE	Inorgánico	Nitroxenadas (nitrato amónico, amoníaco, sulfato amónico, cianamida cálcica...) Fosforadas (superfosfato, fosfato bicálcico...) Sales potásicas (cloruro potásico, sulfato potásico...)	Irritante Nocivo Tóxico Corrosivo Comburente (nitrato amónico) Explosivo (nitrato amónico en situacións excepcionais)	Irritación cutánea Irritación ocular Irritación das vías respiratorias Queimaduras Corrosión da pel Asfixia Explosión (nitrato amónico)	Manipulación Aplicación Almacenamento Transporte
	Orgánico	Gases emanados da fermentación e/ou descomposición térmica (amoníaco, metano, dióxido de carbono, sulfuros...)	Inflamable Tóxico Irritante	Incendio (metano)	
FERTILIZANTE NATURAL	Estercos, xurros				
		Material biolóxico		Infeccións (zoonose)	

MEDIDAS PREVENTIVAS

- ▶ Dispor da **formación** e **información** necesaria sobre os fertilizantes
- ▶ Utilizar equipos de protección individual adecuados (**EPI**)
- ▶ Executar unhas boas prácticas de **manipulación** e **aplicación** do fertilizante
- ▶ Elaborar e executar un **plan de mantemento** de locais, instalacións e equipos
- ▶ Elaborar e executar un **plan de limpeza**s de locais e equipos e de xestión de residuos
- ▶ Elaborar un **plan de actuación** ante emerxencias e primeiros auxilios
- ▶ Levar a cabo a **vixilancia** da **saúde**

Traballando con fertilizantes II

Antes de empezar a traballar

PLANIFICA

Que fertilizante convén aplicar?

Cales son as boas prácticas de aplicación?

Que equipo de traballo debe utilizarse?

Está dentro dos recomendados polo fabricante do fertilizante?

Canto produto hai que aplicar?

Que condicións meteorolóxicas son favorables para a aplicación?

INFÓRMATE

Sobre os riscos que supón a manipulación e uso do fertilizante elixido, como hai que protexerse, como se prepara a disolución que hai que aplicar (ver a etiqueta e a FDS se existe)

VERIFICA

Que os equipos de traballo estean limpos e en bo estado

Que dispós de todo canto precisas para levar a cabo o traballo

Que dispós dos equipos de protección individual adecuados e están en bo estado

EQUIPOS DE TRABALLO

Son elementos (máquinas, aparellos, instrumentos ou instalacións) que nos axudan a desenvolver o traballo. Rd 1215/1997




Elixe o equipo de traballo que che permita realizar a aplicación do fertilizante da forma máis recomendada polo fabricante



Verifica o estado do equipo antes de iniciar a tarefa

Lembra que o equipo debe dispor de marcación CE e declaración de conformidade



Dispón das ferramentas adecuadas para resolver avarías na máquina durante a aplicación

Atende sempre ao establecido polo fabricante no manual de instrucións do equipo

Traballando con fertilizantes III

Medidas preventivas



Le sempre a etiqueta e a ficha de datos de seguridade (FDS) antes de empezar a traballar co produto



Viste a roupa de traballo e os equipos de protección individual adecuados. Evita o contacto con feridas abertas



Protéxete da inhalación continuada de po de fertilizantes durante a súa manipulación e aplicación



Protéxete dos gases perigosos emanados durante a fermentación de pilas de estercos e xurros



En zonas cerradas vivía a ventilación para evitar a concentración de po e gases perigosos



Non comas, bebas ou fumes durante a manipulación e aplicación do fertilizante



Aplica unhas correctas medidas de hixiene. Debes dispor de locais de aseo e vestiarios en boas condicións



Lava e garda a roupa de traballo separada da outra



Se traballas con fertilizantes orgánicos podes necesitar vacinarte para previr o risco de infeccións (tétano, brucelose...)

Almacenamento de fertilizantes

Obrigas para os almacenamentos de fertilizantes a base de nitrato amónico

ALMACENAMIENTO DE FERTILIZANTES CON CONTIDO EN NITRATO AMÓNICO (NH_4NO_3)

% en NH_4NO_3	Modo de comercialización	Capacidade (toneladas)	Norma aplicable		NON APLICA A	
>80%	A granel	≥ 50	ITC MIE-APQ 8 (Rd 2016/2004)	Para outras cantidades almacenadas só aplica art. 8,9,10,11	Almacén para uso propio de capacidade ≤ 5 t	Almacenamentos integrados nas unidades de proceso cuxa capacidade estará limitada á necesaria para a continuidade do proceso
	Envasado	≥ 200				
$\leq 80\%$	A granel	≥ 5000	ITC MI-AF1 (Rd 888/2006)	Para outras cantidades almacenadas só aplica art. 7,8,9,10	Almacén para uso propio de capacidade ≤ 500 t	Almacenamentos non permanentes, en tránsito ou en expectativa de tránsito
	Envasado	≥ 8000				

CONDICIÓN DE ALMACENAMENTO



NON ALMACENAR! O FERTILIZANTE CON:

- | | |
|-------------------------|---|
| .Materiais combustibles | .Cromatos |
| .Axentes redutores | .Nitritos |
| .Ácidos | .Permanganatos |
| .Álcalis | .Pos metálicos |
| .Xofre | .Preparados con metais (Cu, Co, Ni, Zn e as súas aleacións) |
| .Cloratos | |




AFASTAR! O FERTILIZANTE DE:

- | | |
|-------------|-------------------|
| .Herba seca | .Materia orgánica |
| .Palla | .Sementes |
| .Gran | |



Seguridade nos almacenamentos I

Medidas preventivas



Débense diferenciar sectores de almacenamento atendendo ás incompatibilidades dos fertilizantes



A altura das moreas de produto, tanto envasado como a granel deben quedar polo menos un metro por debaixo das traves, puntos de iluminación e instalacións eléctricas



Colocaranse fontes de luz frías ($T > 5000^\circ\text{K}$) cerradas e doadas de limpar



Respectaranse as cantidades máximas de fertilizantes almacenados



Deberanse manter sempre nos envases homologados nos que se comercializaron



Manteranse as entradas, as vías de tránsito, as vías de evacuación e as saídas de emerxencia despegadas, desatracadas e sinalizadas

SISSA

LUGAR: _____
FECHA: _____

COORDINADOR: _____
TRABAJO A REALIZAR: _____

GRUPO DE TRABAJO: _____
HORARIO DE TRABAJO: _____ TIEMPO REQUERIDO: _____

HERRAMIENTAS Y EQUIPOS: _____

MATERIALES A UTILIZAR: _____

ELEMENTOS DE SEGURIDAD: _____

NORMAS DE SEGURIDAD: _____

LISTA DE CHEQUEO	APLICA	NO APLICA	OBSERVACIONES
EQUIPO DESENERGIZADO			
ENCUENTRO			
TRABAJO A REALIZAR AFECTA A OTROS			
EQUIP. ESPECIALES DE PROTECCIÓN			
TRABAJO EN ALTURAS			
EQUIPO CONTRA INCENDIOS			
MANEJO DE CARGA			
RESPONSABLE E COORDINADOR			
RESPONSABLE SUPERVISOR			
RESPONSABLE CALIDAD			

Estableceranse instrucións e permisos de traballo para actuacións que entrañen risco



Estableceranse procedementos de actuación en caso de emerxencia, derramo ou vertedura accidental



As carretillas elevadoras diesel ou a gasolina disporán de cámaras apagachispas no tubo de escape de fumes

Seguridade en almacenamentos II

Medidas preventivas



Non se permitirá a manipulación do produto, excepto para as operacións de carga e descarga, mestura física ou alimentación das instalacións de ensacado



Os traballos de soldadura ou de corte realizaranse en superficies previamente limpas de restos de fertilizante e suficientemente afastados del



A instalación disporá dun plan de emerxencias interior. Realizaranse os entrenamentos e simulacros necesarios para unha adecuada actuación en caso de emerxencia



No local disporase dunha caixa de primeiros auxilios co material adecuado e suficiente



Levarase control dos accesos de persoas e de entrada de vehículos á instalación



En zonas de carga e descarga colocaranse duchas e lavaollos



Debe existir sinalización de emerxencia e evacuación. Hai que respectar os sinais de seguridade




Fumar e acender lapas estará sempre prohibido



Evita a inxestión de alcol cando traballes con fertilizantes

Equipos de protección individual I


Son aqueles utilizados polos traballadores para que os protexan dos riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou saúde



A roupa de traballo actuará de barreira entre a túa pel e o produto



Utiliza botas de cana alta impermeables para traballos en húmido



Utiliza protectores auditivos fronte ao ruído



Utiliza luvas que sexan impermeables aos produtos que vas aplicar



Protexe os ollos de vapores, po e salpicaduras



Usa protección respiratoria en traballos con ambiente pulverulento, gases e/ou vapores perigosos



Unha semimáscara pode lavarse e volver a usarse. A súa protección vai depender do filtro que se acople



Selecciona o filtro adecuado e cámbiao coa frecuencia que indica o fabricante



Usa calzado con punteira reforzada cando poidas sufrir cortes ou esmagamento por materiais ou obxectos

Equipos de protección individual II

Elíxeos correctamente informándote:

- ☐ Na FDS proporcionada polo fabricante do produto fitosanitario: apartado 8
- ☐ No folleto informativo que acompaña ao EPI proporcionado polo fabricante

INFORMACIÓN QUE ACOMPAÑA AO EPI

Todos os EPI homologados disporán dunha marcación CE. Fíxate nas marcacións específicas que incorporan algúns (filtros, calzado, luvas...) e nos pictogramas doutros. Sempre virán cun cadro informativo impreso na súa embalaxe ou un folleto informativo

MARCACIÓNS CE

EPI de categoría I
(protección contra riscos mínimos)



EPI de categoría II
(protección contra riscos de grao medio ou elevado)

EPI de categoría III
(protección contra riscos de consecuencias mortais ou irreversibles)



XXXX catro díxitos que identifican o Organismo Notificado de Control responsable de controlar o aseguramento da calidade na produción

MARCACIÓNS ESPECÍFICAS (Calzado de seguridade)



← - - - Fabricante



EN 345 - 1

← - - - Norma EN

S1 - P - WR

← - - - Consulta o folleto informativo para coñecer as características de seguridade

PICTOGRAMAS DE PROTECCIÓN QUÍMICA

Luvas



EN 374

← - - - Norma EN

ADF

← - - - Código do composto químico ao que é impermeable

Roupa



FOLLETO INFORMATIVO

Identificación do fabricante
Marcación CE
Identificación do Organismo Notificado de Control (se Cat. III)
Norma de requisitos de fabricación aplicable (p.e. EN 374-3:2003)
Pictograma, se procede
Categoría, clase, tipo e indicacións de protección

Condições de almacenamento, se procede
Instruções de limpeza, desinfección e mantemento
Instruções para a utilización correcta
Caducidade, se procede
Contraindicacións de uso, se procede

Lexislación

Relación non exhaustiva da lexislación aplicable en materia de produtos fertilizantes e prevención de riscos laborais orientada aos traballos con fertilizantes

Regulamento (CE) nº 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, relativo aos fertilizantes

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE do 10/11/1995)

Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención (BOE do 31/01/1997)

Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes (BOE do 10/07/2013)

Real decreto 2016/2004, do 11 de outubro, polo que se aproba a Instrución técnica complementaria MIE APQ-8 «almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno» (BOE do 23/10/2004)

Real decreto 888/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento sobre almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico cun contido en nitróxeno igual ou inferior ao 28 por cento en masa (BOE do 31/08/2006)

Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados con axentes químicos durante o traballo (BOE do 01/05/2001)

Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas a utilización polos traballadores de equipos de protección individual (BOE do 12/06/1997)

Real decreto 286/2006, do 10 de marzo, sobre protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a ruído (BOE do 11/03/2006)

Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo (BOE do 23/04/1997)

Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo (BOE do 23/04/1997)

Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores de equipos de traballo (BOE do 07/08/1997)



Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral



galicia

Os **ATENDE** Agro do Issga

Prevención de riscos no
uso de FERTILIZANTES